

MODELO DE CARTA DE PRESENTACIÓN

DATOS PERSOAIS

NOME E APELIDOS
DIRECCIÓN COMPLETA
TELÉFONO

DATOS DA EMPRESA

NOME
DIRECCIÓN COMPLETA

A/A:

LUGAR E DATA

SAÚDO:

Emprega fórmulas correctas no saúdo (Por exemplo: Estimados/as señores/as,...)

PRIMEIRO PARÁGRAFO:

Fai referencia á oferta de emprego á que te presentas, en caso de responder a un anuncio, ou á empresa e ós seus produtos no caso de que se trate dunha autocandidatura. Resalta algún aspecto importante ou relevante da túa candidatura que esperte o interese do/a lector/a.

¿Por que envías a carta? Mención ó posto solicitado e a fonte de información (xornal...).

SEGUNDO PARÁGRAFO:

Breve referencia a aspectos formativos e profesionais máis reseñables que te destaquen para o posto.

¿Por que queres traballar nesa compañía/sector e por que serías bo/boa nese posto? Destacar puntos fortes.

TERCEIRO PARÁGRAFO:

Expón claramente o que desexas e finaliza de forma optimista.

¿Cal é o obxectivo inmediato? Realizar unha entrevista, que te coñezan, etc.

Se non se fixo nun parágrafo anterior, debes incluír neste referencia a que, xunto coa carta, se adxunta o teu Currículo.

DESPEDIDA:

Debe ser correcta e sinxela (como pode ser: Atentamente, Un cordial saúdo,...).

SINATURA

Asdo.: Nome e apelidos.

EXEMPLO DE CARTA DE PRESENTACIÓN EN RESPONSA A UN ANUNCIO

Rosa Pérez González
Rúa das Galeras, nº13
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 66982314

Informática Redes, S.L.
Rúa do Hórreo, 23
15702 Santiago de Compostela

Estimado/a señor/a,

Lin con interese a oferta de emprego que vostedes publicaron no diario *La Voz de Galicia* do día 29 de novembro do presente ano, solicitando programadores/as. Esta é a razón pola cal me dirixi a vostedes coa intención de ofrecerlles os meus servizos.

De acordo coa miña formación e experiencia profesional como programadora, considérome perfectamente capacitada para desempeñar as funcións propias de programación, dado que finalicei os estudos de Técnica Superior e procurei mellorar a miña preparación técnica, en cursos relacionados directamente co posto que vostedes ofrecen.

Acompañando a presente, enviólles o meu C.V., onde sinalo a miña formación e experiencia profesional. Quedo á espera de poder concertar unha entrevista para así detallarlles as miñas habilidades para o desempeño deste posto.

Agardando recibir noticias súas, saúdaos atentamente,

Asdo.: Rosa Pérez González

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2014

EXEMPLO DE CARTA DE PRESENTACIÓN DE AUTOCANDIDATURA

Rosa Pérez González
Rúa das Galeras, nº13,
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 66982314

Nortempo ETT
Rúa do Paxonal, 3.
15707 Santiago de Compostela

A/A: Dña. Teresa Pena (responsable de Recursos Humanos)

Estimada señora,

Póño en contacto con vostede para facerlles chegar o meu CV co propósito de que o consideren ante posibles seleccións de persoal que teñan que realizar.

Pola miña formación e experiencia considérome perfectamente capacitada para desempeñar tarefas en departamentos técnicos relacionados co mundo da electrónica. Como poderán apreciar no currículo adxunto, na miña última experiencia profesional estiven traballando nun laboratorio de produción.

Polas razóns antes citadas, desexaría que teñan en conta a miña candidatura. Por iso, permítome solicitarlles unha entrevista para tratar persoalmente calquera cuestión que consideren oportuna.

Atentamente,

Asdo.: Rosa Pérez González

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2014